



XOGANDO CON AUGA



Podemos facer xogos nos que os nenos e nenas teñan que pescar distintos obxectos cun pau, cunha culler, mesmo cos pes, podemos aumentar a dificultade do xogo pedindo que so collan un determinado número de obxectos, ou que soamente collan obxectos dunha cor, que conten, que sumen os que pescaron cos que quedan na auga...



POMPAS DE XABÓN

Un bo remedio para que as pompas non se rompan con facilidade, é botar á mestura de auga e xabón un pouco de glicerina.

Podemos facer pompeiros con utensilios de cociña, con paus e corda, con palliñas e unha botella, ou cunha percha de ferro á que lle damos a forma desexada, un pouco de auga e xabón e ...a disfrutar!



BOTES DE MAR



Os botes sensoriais ofrecen moitas posibilidades de xogo, no seguinte enlace podeades ver paso a paso como se elaboran.



<https://www.creciendoycriando.com/botellas-sensoriales-verano/>



RETOS CON VASOS



Neste xogo os nenos teñen que intentar facer unha torre o máis alta posible

ou alternar vasos e platos ou vasos e servilletas para facer a construción, e logo intentar sacar os platos e servilletas sen que toda a torre se veña abaixo



Xogamos a facer
carreiras soplando
vasos

Carreiras con vasos
de auga na cabeza
ou colocados nunha
bandexa para
encher un caldeiro.



Lnazar ou soplar
bolas nunha mesa
para que caigan
dentro dos vasos.



Circuitos de
equilibrio sen que
se caiga o vaso de
auga da cabeza, ou
da palma da man,
ou dun ombreiro...

